

19 DE MARZO DE 2015

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

ISRAEL TRALAS ELECCIÓN PARLAMENTARIAS

- a) **Introducción**
- b) **Netanyahu e a “inseguridade” israelí**
- c) **Buscando novos equilibrios**
- d) **Neoliberalismo, pobreza e desigualdades**

a) *Introdución*

A reelección de **Benjamín Netanyahu** (61 anos) como primeiro ministro por terceiro mandato consecutivo nas eleccións parlamentarias celebradas o 17 de marzo, sinala diversos síntomas derivados dos dilemas que Israel encara dentro dos novos equilibrios e factores de poder que se erixen no sistema internacional, así como no volátil contexto rexional de Oriente Próximo.

Adoptando unha axenda electoral marcadamente dereitista (obsesión polo programa nuclear iraníano, rexeite do Estado palestino e do proceso de paz, seguidismo da “línea dura” do Partido Republicano estadounidense), a reelección de Netanyahu e do partido Likud (30 dos 120 escaños no Knesset ou Parlamento) determina a preponderancia dos sectores nacionalistas e dos “falcons” presentes no *establishment* militar, de seguridade nacional e da política exterior israelí. Con todo, este proceso electoral evidenciou outras perspectivas que comezan a cobrar intensidade: a revitalización do voto centrista e o notable avance electoral dunha lista unitaria de partidos árabes e xudeus (14 escaños, terceira forza política parlamentaria), a ubicación no centro da

b) *Netanyahu e a “inseguridade” israelí*

A pesar de que Netanyahu adoptou a última hora unha axenda profundamente dereitista centrada na seguridade nacional e as “ameazas exteriores” (Irán, Estado Islámico, Estado palestino), os resultados dos comicios parlamentarios celebrados o 17 de marzo en Israel revelan dous síntomas persistentes na sociedade israelí: o primeiro é unha marcada atomización política, que dificulta a preservación de consensos; e o segundo é a preponderancia da inseguridade israelí sobre o seu futuro, tendo en conta os cambios que experimenta Oriente Próximo e o concerto internacional.

Unha ollada preliminar do próximo Knesset (Parlamento) da conta desta sensación de atomización e inseguridade. Un total de dez formacións políticas terán representación nos 120 escaños parlamentarios, cunha maioría para o gobernante Likud (30 escaños) seguidos dunha formación centrista (Unión Sionista, 24 escaños) e o sorprendente ascendo dunha lista unitaria de partidos e movementos árabes e xudeus (Lista Conxun-

atención pública de problemas que comezan a ser crónicos como as desigualdades socioeconómicas, a pobreza e a marxinação de diversos sectores da sociedade.

Se a obsesión pola seguridade nacional e as ameazas exteriores explicarían a recente reelección de Netanyahu, este novo contexto igualmente aboca a unha reflexión sobre os dilemas e as expectativas existentes dentro da sociedade israelí. Comezan a xurdir voces diverxentes co modelo económico e social, toda vez os novos equilibrios xeopolíticos exteriores abordan retos ineludibles, en particular á hora de verificar a posición de Israel ante o paulatino declive do seu tradicional aliado estadounidense; dos cambios de prioridades xeopolíticas por parte de Washington (Asia-Pacífico) e a degradación de atención estratéxica en Oriente Próximo; da necesidade de abrir novas alianzas (Arabia Saudita, Catar, eventual Estado curdo independente, Exipto post-Mubarak), entre outros, aspectos que implican unha alteración dos equilibrios estratéxicos nos que Israel basea a súa estabilidade.

ta, 14 escaños). Completan o panorama parlamentario partidos centristas e de esquerdas (Yesh Atid, Kulanu, Meretz) con outros marcadamente relixiosos, do nacionalismo sionista e da extrema dereita anti-árabe (Habayit Hayehudi, Shas, Xudaísmo Unificado da Torá e Yisrael Beiteinu), que transmiten a sensación dunha polarización latente que dificulta a conformación de consensos políticos.

Independentemente dos pactos políticos que adiante Netanyahu para garantir unha maioría parlamentaria, estimada en 61 escaños, o mapa político postelectoral evidencia as liñas divisorias da política e da sociedade israelí. No transcurso poden intuírse determinadas variables orientadas a salientar un aspecto claramente obsesivo, en particular a inseguridade israelí sobre a viabilidade e lexitimidade dun Estado visiblemente contrariado polo seu fracaso diplomático para lograr a lexitimidade e a paz global coa maioría dos seus veciños árabes (a excepción de Exipto e Xordania) e que observa

importantes retos derivados dos cambios de equilibrios no sistema rexional e internacional.

A paradoxal inseguridade israelí veuse confirmada nun contexto electoral fraguado polo “golpe de temón” de Netanyahu de centrar case totalmente a atención no tema da seguridade nacional, en particular no programa nuclear iraniano, coa obvia intención de remexer temores intrínsecos existentes na sociedade israelí, así como de preservar o *establishment* dos “falcóns” militares.

Neste sentido, Netanyahu e a “líña dura” do *establishment* israelí precisaban dun “toque de atención” no mesmo centro de poder do seu tradicional aliado, EUA. Aceptando un convite realizado por membros do Partido Republicano, o pasado 3 de marzo, Netanyahu realizou un inédito discurso ante o Congreso estadounidense sen autorización previa da Casa Branca, desairando así ao presidente **Barack Obama**. Alí, o recen reelixido primeiro ministro israelí instou a un Congreso con maioría republicana a dirixir a súa atención á “ameaza nuclear iraniana” e o seu presunto perigo para a integridade estatal israelí⁽¹⁾.

1) Con todo, uns 50 deputados do Partido Demócrata, incluíndo algúns de orixe xudeu, boicotearon o seu discurso.

c) *Buscando novos equilibrios*

Esta eventual ecuación aperturista de Obama cara Irán desarticula o entramado de intereses estratéxicos perpetuados por Tel Aviv, e polarizados polos recentes cambios xeopolíticos en Oriente Próximo. O inesperado avance e eventual consolidación do Estado Islámico (Daesh) entre Siria e Iraq, así como a súa expresión exterior a través de atentados “yihadistas” (como os realizados recentemente en Francia, Dinamarca, Canadá, Australia e Tunisia, neste último caso un día despois das eleccións israelís) daría conta da necesidade de Washington de contar co apoio iraniano para combater a ameaza do Daesh.

Esta eventual pero non menos volátil *entente* entre Washington e Teherán, así como as visibles friccións e distanciamento evidenciados entre Obama e Netanyahu, aviva aínda mais os dilemas e inseguridades de Tel Aviv. Neste sentido, os recentes acontecementos e declaracións apuntan a direccións contrarias aos intere-

Resulta evidente que o inédito discurso de Netanyahu revelou intereses de carácter preelectoral enfocados en Israel e EUA, e estratéxicos dentro do contexto internacional. A escasos días das parlamentarias israelís, Netanyahu fortaleceu un discurso nacionalista e dereitista ao mesmo tempo que instaba a un apoio directo do Partido Republicano que, a longo prazo, implicaría unha concreción de intereses entre Tel Aviv e Washington en caso de eventual vitoria republicana nas presidenciais estadounidenses previstas para novembro de 2016.

En chave global, Netanyahu lanzaba unha mensaxe clara á comunidade internacional sobre os retos que supón un Irán con capacidade nuclear. O próximo 24 de marzo finalizan as negociacións en Xenebra (Suíza) entre Teherán o G5+1 (EUA, Gran Bretaña, Francia, Rusia, China mais Alemaña), cuns leves avances que intensifican as expectativas aperturistas esgrimidas desde finais de 2012 por Obama de abrir canles de negociación e de distensión con Teherán, eventualmente propiciando unha reapertura de relacións diplomáticas.

ses estratéxicos israelís. A comezos de marzo, o director de Intelixencia Nacional estadounidense, **James Clapper**, presentou no Senado un informe no que instaba a Washington a sacar a Irán e ao movemento islamita libanés Hizbulá da listaxe de organizacións terroristas elaboradas polo Departamento de Estado⁽²⁾.

2) “U.S Omits Iran and Hizbullah from Terror Threat List”, *Newsweek*, 16 de marzo de 2015. Ver en: <http://www.newsweek.com/iran-and-hezbollah-omitted-us-terror-threat-list-amid-nuclear-talks-314073>. Con todo, o distanciamento entre Washington e Tel Aviv non implica directamente unha redución da asistencia militar estadounidense a Israel. En xullo de 2014, a Comisión de Asignacións do Senado estadounidense aprobou a lei de gastos militares para o exercicio fiscal 2015. No mesmo, Washington proverá a Israel de US\$ 621,6 millóns para a defensa antimísiles, así como uns US\$ 350 millóns para o sistema de defensa “Cúpula de Ferro” e US\$ 260 millóns para o sistema defensivo “Tirafunda de David” e o interceptor de mísiles Arrow-3. A preservación da seguridade de Israel segue a ser un obxectivo estratéxico prioritario para Washington, un aspecto particularmente visible dentro da política de distensión cara un Irán con capacidade nuclear e do combate da coalición internacional (con apoio de Teherán) ante a ameaza do Daesh e do terrorismo yihadista.

Paralelamente, aprécianse avances exteriores no recoñecemento internacional de Palestina. En decembro pasado, Suecia converteuse no primeiro país en recoñecer oficialmente o “Estado de Palestina”, todo isto a pesar da falta de recoñecemento oficial por parte da ONU, aínda que máis de 160 países membro si recoñecen ao Estado palestino. En decembro pasado, a Comisión Europea anunciou a anulación da categoría de terrorista para o movemento islamita palestino Hamás, mentres a Corte Penal Internacional decidiu incluír a Palestina como Estado membro a partir de abril de 2015.

Ante estes pasos históricos de recoñecemento internacional para Palestina, Netanyahu decidiu radicalizar a súa posición, adoptando unha política cada vez máis radical e extremista. En decembro pasado, e na conxuntura do anuncio do adiamento electoral para marzo de 2015, Netanyahu declarou publicamente a Lei Básica do Estado de Israel, defendendo a súa condición de “Estado Nacional xudeu”, fortalecendo así unha política sumamente excluinte cara as demais comunidades étnicas e relixiosas. Esta polémica Lei Básica do Estado de Israel suporía, igualmente, unha prolongación da política establecida en 2010 polo ex primeiro ministro **Ehud Olmert** de consolidar as “fronteiras históricas” de Israel.

Paralelamente, o contexto de “domesticación” e represión política existente no actual período de *post-Primavera árabe*, verificados co golpe militar en Exipto (xullo de 2013) e a súa consolidación a través da elección presidencial (maio de 2014) do xeneral golpista **Fatah al Sissi**³⁾, abre novas perspectivas para Netanyahu e os “falcóns” israelís. Neste sentido, para Tel Aviv, a alteración da ecuación estratéxica rexional a través da política aperturista de Obama cara un Irán cada vez máis consolidado como potencia rexional con capacidade nuclear, determina a necesidade de atopar novos e

inesperados socios, reconfigurando así o mapa xeopolítico en Oriente Próximo.

A actual guerra contra o Daesh e o eventual entendemento entre Washington e Teherán pode igualmente traer efectos colaterais para a xeopolítica rexional, con particular incidencia na reconfiguración de intereses e de alianzas para Tel Aviv. A eventual e non menos controvertida posibilidade de conformación dun Estado curdo independente no Curdistán iraquí⁴⁾, suporía para Israel a constatación dun eventual aliado rexional, tendo en conta a proliferación de acordos e recoñecementos oficiais establecidos por Israel cara o Goberno Rexional do Curdistán (KRG), presidido por **Masud Barzani** na Rexión Autónoma Curda no norte de Iraq, e que cobraron aínda maior intensidade de recoñecemento oficial coa ofensiva da Daesh en Siria e Iraq⁵⁾.

Paralelamente, o golpe militar exipcio e a caída da Irmandade Musulmá supuxo unha concreción de intereses que eventualmente achegarían posicións de recoñecemento para Israel e Arabia Saudita, dous países que igualmente observan a Irán como unha ameaza aos seus intereses. Neste sentido, Tel Aviv e Riad farían causa común nas súas contrariedades e distanciamentos coa política aperturista de Obama cara Teherán.

Noutra orde de ideas, a eventual propagación do *yihadismo salafista* da Daesh cara a contorna periférica israelí (Xordania, Siria, Líbano) así como no Magreb (Tunisia, Libia), implica unha concreción de intereses

3) Tanto como a elección presidencial do xeneral al Sissi debe mencionarse a sepultación case definitiva da *Primavera* exipcia coa exoneración do ex presidente Hosni Mubarak (novembro de 2014) dos crimes e da represión e violacións de dereitos humanos durante os sucesos da praza Tahrir (febreiro de 2011), que levaron á caída do seu réxime e a posterior transición coa vitoria presidencial da Irmandade Musulmá, posteriormente ilegalizada polo golpe militar de al Sissi. Neste sentido, o golpe exipcio supón un beneficio estratéxico para Israel e EUA, así como para Arabia Saudita, contrariada pola eventual popularidade dun islamismo político forte en Exipto, aliado con actores emerxentes como Turquía.

4) Posibilidade que cobra notable incidencia trala vitoria militar das milicias curdas contra o Daesh no norte de Siria, establecidas pola recuperación do control da estratéxica localidade de Kobané en xaneiro pasado. Con todo, a eventualidade dun Estado curdo independente en pleno corazón de Oriente Próximo implica fortes controversias para países con comunidades curdas (Turquía, Irán, Siria), así como para os intereses estratéxicos estadounidenses, a pesar dos acordos enerxéticos coas autoridades do Goberno Rexional do Curdistán (KRG) na rexión autónoma curda ao norte de Iraq. Noutro contexto, Israel semella estar aproveitando a guerra en Siria para adiantar a proxección de iniciativas enerxéticas, establecidas nos últimos anos entre o Curdistán iraquí, Siria e o Mediterráneo Sur. En febreiro pasado, Tel Aviv concedeu unha licitación á empresa Afek Oil, controlada pola estadounidense Genie Energy, para a exploración de pozos petrolíferos nos Altos do Golán, na fronteira con Siria e que Damasco reclama a súa soberanía desde a guerra de 1967.

5) En xuño de 2014, e no marco da ofensiva do Daesh cara Iraq e as súas posibilidades de expandirse cara Xordania e o Líbano a través de células yihadistas, o propio Netanyahu chegou a declarar oficialmente que “xa era hora de ver un Curdistán independente en Oriente Próximo”. Ver. “Netanyahu: I support Kurdish Independence”, *The Jerusalem Post*, <http://www.jpost.com/Middle-East/Netanyahu-I-support-Kurdish-independence-360958>

e de diversas manobras estratéxicas e xeopolíticas que achegarían a Israel con potencias árabes como Exipto (que reconece ao Estado israelí desde 1979), Arabia Sau-

d) Neoliberalismo, pobreza e desigualdades

En decembro de 2013, a Organización para a Coope-
ración e o Desenvolvemento Económico (OCDE) pu-
blicou un alarmante informe⁽⁶⁾ no que advertía que un
de cada cinco israelís, así como un de cada tres nenos
israelís, viven en situación de pobreza. Neste informe,
a OCDE calcula que a taxa de pobreza en Israel abarca
un 21% da súa poboación, liderando nesta lista co res-
pecto ás 34 nacións mais desenvolvidas. En 1995, a taxa
de pobreza en Israel, segundo o informe da OCDE, cal-
culábase en 13,8% da súa poboación.

O dato é sumamente significativo debido a que abar-
ca un período político estelar para Netanyahu. O actual
líder do Likud foi primeiro ministro durante o período
1996-1999, para posteriormente retornar ao poder en
2009 e ser sucesivamente reelixido en 2013 e agora en
2015. Por tanto, catro períodos de goberno, doce anos,
non só fixeron de Netanyahu o primeiro ministro israelí
con maior tempo no poder (incluso superando ao crea-
dor do Estado de Israel, **David Ben Gurión**), senón que
perpetuou unha abafante hexemonía política e electo-
ral para o Likud⁽⁷⁾.

Neste prolongado período de dúas décadas, a prepon-
derancia da política económica claramente neoliberal
de Netanyahu e do Likud alteraron significativamente
os cimentos do Estado colectivista israelí creado a partir
de 1948. Diversos medios e analistas israelís alertan so-
bre os efectos desta vaga neoliberal establecida durante
os gobernos de Netanyahu e do Likud, rexistrados nos
avances da pobreza, das desigualdades socioeconómicas

6) *ECD: Israel Economic Surveys 2013*. Disponible en versión resu-
mida en: http://www.oecd-ilibrary.org/economics/oecd-economic-surveys-israel-2013_eco_surveys-isr-2013-en

7) Tralo goberno laborista de Ehud Barak (1999-2001), o Likud
volveu ao poder en 2001, entón co posteriormente falecido **Ariel
Sharon**. En 2006, unha escisión do Likud, o partido Kadima, gañou
as eleccións parlamentarias con Ehud Olmert como primeiro minis-
tro. En 2009, Netanyahu devolveu a hexemonía política e electoral
ao Likud. Compre destacar neste período a perda de votos e apoios
políticos dunha esquerda israelí atomizada entre os laboristas e di-
versos partidos e movementos centristas, parcialmente superados
neste elección 2015 co ascenso da Unión Sionista do laborista Isaac
Herzog, e na que igualmente está incluída **Tzipi Livni**, ex ministra
de Exteriores (2006-2009) e ex candidata do Kadima.

ditá, Catar e Emiratos Árabes Unidos (que oficialmente
non recoñecen a Israel).

e do encarecemento da vida (principalmente do prezo
da vivenda), temas que igualmente tiveron un impacto
notable durante a recente elección parlamentaria israelí,
a pesar do triunfo da axenda obsesivamente “securita-
ria” de Netanyahu.

Desde 2013, diversos sectores sociais israelís, prin-
cipalmente das clases medias, veñen protestando pola
preeminencia destas políticas excesivamente liberais e
de privatización, principalmente no sector inmobilia-
rio, e que benefician a unha elite instalada no poder nas
derradeiras décadas⁽⁸⁾. Neste sentido, os efectos da crise
económica global afectan igualmente a unha economía
como a israelí, fortemente diversificada con preponde-
rancia do sector dos servizos e do turismo. En Israel
vense advertindo dunha cada vez máis preocupante rea-
lidade socioeconómica, traducida na proliferación dun-
ha especie de “Israel periférica”, afastada do desenvolve-
mento establecido en torno ao céntrico eixe Xerusalén,
Tel Aviv e Haifa.

Esta realidade de aumento da pobreza e das desigual-
dades en Israel igualmente afecta á presión demográfi-
ca, particularmente no caso da situación da poboación
palestina en Xerusalén Leste e Cisjordania. Neste sen-
tido, aumentan as demandas para a proliferación dos
asentamentos de colonos israelís, condicionados pola
escaseza de vivendas, activando unha forte presión po-
lítica cara os sectores máis dereitistas afectos ao Likud
e outras formacións máis extremistas, como o partido
Yisrael Beiteinu do polémico ex ministro de Exteriores
Avigdor Lieberman, no cometido de expropiar viven-

8) Compre considerar que, particularmente desde 2013, vense re-
vitalizando a recreación dunha icona do Estado sionista israelí como
son os *kibbutz*, en particular o seu factor comunitario e colectivista.
As políticas neoliberais e de privatización impulsadas por Netanyahu
a partir do seu primeiro goberno en 1996 desarticulaban diversos
kibbutz existentes en Israel. Non obstante, a crise da vivenda e a ne-
cesidade de reconstruír lazos sociais establecidos con anterioridade,
aparentemente propiciaron este *revival* do *kibbutz*, principalmente
entre as poboacións mozas de clases medias. Estímase que na actua-
lidade funcionan en Israel aproximadamente 250 *kibbutz*, que alber-
gan a máis de 100.000 persoas. Para maior información, consultar:
<http://www.kibbutz.org.il/eng/>

das e terreos aos palestinos⁹⁾.

En perspectiva, os comicios parlamentarios 2015 confirman a proliferación dun contexto político e social fortemente atomizado, diagnose que acrecenta diversos dilemas intrínsecos existentes na sociedade israelí. Esta perspectiva vese igualmente determinada polos cambios no contexto rexional e internacional, cunhas variables que alteran os intereses estratéxicos israelís, e que probablemente persuadiron ao electorado a apostar momentaneamente pola axenda “securitaria” de Netanyahu.

IGADI. 19 de marzo de 2015.

⁹⁾ O aumento dos asentamentos de colonos xudeus en Xerusalén Leste e Cisjordania é un aspecto que igualmente polariza o contexto político israelí. Se ben desde o retorno ao poder de Netanyahu en 2009 reduciuse levemente esta proporción, aspecto que verificou un distanciamento político e electoral entre os colonos e o Likud, a súa revitalización política a través de partidos nacionalistas de extrema dereita como Yisrael Beiteinu confirma a preponderancia do factor relixioso de carácter mesiánico dentro da política israelí. O perfil sociopolítico da maioría dos colonos xudeus (pouco mais de medio millón de persoas) corresponde principalmente a cidadáns de forte e rigorosa adscrición relixiosa hebrea, sumamente crítico coa condición laica e sionista do Estado de Israel, e convencido das lembranzas mesiánicas sobre o “Israel histórico”. A dereitización electoral de Netanyahu e a súa proposta da Lei Básica do Estado de Israel moi probablemente vai politicamente dirixida a gañarse o apoio destes sectores, degradando así o seu tradicional apoio cara incómodos socios parlamentarios como Yisrael Beiteinu e Shas.